

2.2. POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

O obxectivo deste capítulo é analizar distintas accións das políticas activas de emprego da Xunta de Galicia, abarcando dende as centradas na formación e colocación ata as dirixidas á promoción de emprego.

Canto ao primeiro apartado, este presenta as distintas accións formativas tanto de carácter ocupacional, dirixidas ás persoas desempregadas, coma as de formación continua, centradas nos traballadores ocupados. Posteriormente, o capítulo detense nas medidas de promoción de emprego, que teñen coma obxectivo á mellora da empregabilidade dos traballadores. Entre estas últimas, pódense salientar, dunha banda, as destinadas ao fomento do emprego e a estabilidade laboral, e doutra, os programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións e os programas mixtos de formación e emprego.

FORMACIÓN PROFESIONAL

O sistema de formación profesional está dividida en tres subsistemas: a FP regrada, a FP ocupacional e a continua. Tendo en conta que a formación profesional regrada pertence ao sistema educativo, e coma tal analízase no capítulo **3.4.- EDUCACIÓN**, este apartado comeza coa análise das accións formativas de carácter ocupacional, centrada no ámbito laboral e que están dirixidas aos desempregados. Posteriormente, menciónanse os principais datos da formación continua, que pola contra vai dirixida aos traballadores ocupados.

• Formación profesional ocupacional

As medidas de formación profesional ocupacional son un dos elementos máis importantes á hora de lograr unha medra da competencia, empregabilidade e posibilidades de inserción laboral das persoas desempregadas. Para o exercicio 2005 programáronse un total de 2.401 cursos, cun presuposto total de 53,7 millóns de euros. O número de alumnos que participaron nestes cursos foi de 35.587 alumnos. En relación ao ano anterior, hai que destacar que ao contrario do acontecido no exercicio de 2004, descende o número de cursos e alumnos e medra o orzamento total dirixido a estes programas.

No que aos cursos FIP (agás compromisos de contratación) se refire, ao longo do ano 2005 programáronse un total de 1.433 cursos, dos que 1.173 corresponden ás programacións pluriprovinciais e 260 a cursos de programación provincial. O orzamento total destes cursos, aos que asistiron un total de 22.377 alumnos, ascendeu a 44,0 millóns de euros. Comparado co acontecido no exercicio anterior, no último ano rexístrase un incremento do número de cursos e do presuposto, mentres que descende o de alumnos.

Atendendo ao número de cursos programados e o orzamento asignado, a convocatoria para o ano 2005 estivo centrada, fundamentalmente, nas actividades dos sectores servizos a empresas e de “administración e oficinas”. En conxunto, estas dúas actividades abranguen o 41,6% dos cursos, e o 34,4% do orzamento total. Canto ao número de alumnos, os datos do **cadro 2.2.2.** reflicten a importancia dos cursos relacionados cos servizos á comunidade e persoais, que acollen o 28,2% dos alumnos totais.

No que atinxe aos cursos con compromiso de contratación, 885 alumnos asistiron aos 62 cur-

Formación profesional ocupacional 2004-05: cursos, presupostos e alumnos

	2004			2005		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.350	41.367,4	23.037	1.433	44.006,4	22.377
Compromisos de contratación FIP	58	1.553,8	886	62	1.174,2	885
Medios propios	255	6.193,1	4.298	169	5.466,7	1.884
Plan autonómico de formación de formadores	51	413,1	1.110	8	100,0	450
Outras accións formativas	720	3.265,2	10.702	729	2.996,2	9.991
Total	2.434	52.792,5	40.033	2.401	53.743,5	35.587

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.1.
Plan FIP 2005: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Administración e oficinas	184	479	6.734.667
Agraria	31	2.940	931.150
Artesanía	15	251	654.788
Automoción	13	223	786.828
Comercio	77	1.208	1.956.054
Docencia e investigación	15	215	228.236
Edificación e obras públicas	88	429	3.797.174
Industria pesada e construcións metálicas	28	48	1.455.306
Industrias alimentarias	19	400	730.589
Industrias da madeira e cortiza	25	204	1.226.911
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	16	296	573.219
Industrias gráficas	5	253	202.069
Industrias químicas	7	315	52.269
Industrias téxtiles	19	181	708.517
Información e manifestacións artísticas	11	71	475.591
Mantemento e reparación	15	111	677.714
Montaxe e instalacións	31	470	1.419.194
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	8	1.674	233.870
Sanidade	105	1.090	2.937.525
Seguros e finanzas	73	1.602	1.548.645
Servizos á comunidade e persoais	100	6.310	2.882.570
Servizos ás empresas	412	1.458	8.421.887
Transportes e comunicacións	67	1.052	1.991.461
Turismo e hostalaría	69	1.097	3.380.187
Total	1.433	22.377	44.006.420

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.2.
Cursos con compromiso de contratación 2004-05

	2004			2005		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	17	248	312.172	12	181	306.858
Lugo	11	189	312.207	15	221	370.024
Ourense	19	284	583.038	15	250	403.065
Pontevedra	11	165	346.347	20	233	94.251
Total	58	886	1.553.764	62	885	1.174.198

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.3.

Cursos con compromiso de contratación 2005: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Comercio	34	447	295.491,8
Industria pesada e construcións metálicas	6	105	171.595,0
Industrias da madeira e cortiza	6	94	187.866,7
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	1	12	41.256,8
Industrias gráficas	1	17	39.592,8
Industrias téxtiles	1	18	34.713,9
Producción, transf. e distrib. de enerxía e auga	2	29	79.047,3
Sanidade	7	108	107.063,5
Servizos á comunidade e persoais	2	25	54.853,0
Servizos ás empresas	2	30	162.717,0
Total	62	885	1.174.197,6

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.4.

Programación con medios propios ⁽¹⁾ 2004-05

	2004			2005		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	99	1.485	2.717.468	66	857	2.179.060
Lugo	59	885	1.566.218	56	612	1.716.345
Ourense	50	750	1.068.234	27	114	956.739
Pontevedra	47	1.275	840.930	20	301	614.527
Total	255	4.395	6.192.850	169	1.884	5.466.670

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Consellería de Traballo

2.2.5.

Programación con medios propios 2005: distribución sectorial

Sector	Cursos	Alumnos	Presupuesto (en €)
Agraria	11	101	338.211
Artesanía	1	3	38.029
Automoción	9	96	477.110
Docencia e investigación	9	75	86.658
Edificación e obras públicas	26	280	852.489
Industria pesada e construcións metálicas	14	170	476.503
Industrias alimentarias	1	13	34.675
Industrias da madeira e cortiza	16	153	590.351
Industrias de fabricación equipos electromecánicos	17	156	708.118
Industrias téxtiles	1	15	28.365
Mantenemento e reparación	15	185	532.990
Montaxe e instalacións	15	132	420.075
Produc., transf. e distrib. de enerxía e auga	2	16	57.687
Sanidade	5	75	142.500
Seguros e finanzas	1	15	31.205
Servizos á comunidade e persoais	7	78	148.560
Servizos ás empresas	6	144	171.129
Transportes e comunicacións	6	70	69.185
Turismo e hostalaría	7	107	262.832
Total	169	1.884	5.466.670

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.6.

sos de formación programados no último exercicio, sendo o seu orzamento 1.174,2 miles de euros. O **cadro 2.2.4.** reflicte a importancia relativa do subsector de comercio, que acolle máis da metade dos cursos e alumnos e a cuarta parte do orzamento total programado.

Con cargo ao presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 169 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 5,5 millóns de euros. Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, o **cadro 2.2.6.** reflicte que os sectores máis importantes canto ao número de cursos e presuposto se refire son os de edificación e obras públicas, industrias de fabricación equipos electromecánicos e industrias de madeira e cortiza, que acollen, en conxunto, o 34,9% dos cursos e o 39,3% do orzamento.

Ao longo do exercicio de 2005, no ámbito do Plan autonómico de formación de formadores, programáronse 8 cursos de formador ocupacional, aos que asistiron un total de 450 alumnos. O orzamento total para 2005 ascendeu a cen mil de euros.

No último ano programáronse un total de 729 cursos formativos cofinanciados polo Fondo Social Europeo, dos que 646 corresponden a cursos experimentais sen compromiso de contratación. Destes 729 cursos, case as tres cuartas partes das accións formativas (533 cursos) foron dirixidas a traballadores ocupados, nas que participaron un total de 7.022 alumnos (o 70,3% dos alumnos que asisten a estes cursos cofinanciados polo FSE). O presuposto das accións formativas cofinanciadas polo FSE en 2004 ascendeu a 3,0 millóns de euros, dos que o 59,8% correspondeu ás accións dirixidas aos ocupados e o 40,2% restante, ás accións formativas dirixidas aos desempregados.

- **Formación profesional continua**

Este sistema de formación profesional divídese en dous tipos de accións, os contratos programas e as accións complementarias e de acompañamento á formación. En conxunto, o investimento total nas 1.956 accións programadas ascendeu a 21,0 millóns de euros.

Canto aos contratos programa, para o exercicio 2005 programáronse un total de 1.932 accións formativas dirixidas na súa totalidade a traballadores ocupados. Nestas accións participaron un total de 31.649 alumnos, cun presuposto total de 19,7 millóns de euros. En relación ás accións complementarias e de acompañamento á formación, o orzamento investido nos 24 proxectos dirixidos ao estudo da formación profesional continua en Galicia, ascendeu a 1,3 millóns de euros.

PROMOCIÓN DE EMPREGO

Canto aos distintos programas de incentivos dirixidos á mellora da empregabilidade dos traballadores pódense salientar, dunha banda, os destinados ao fomento do emprego e a estabilidade laboral, que inclúen tanto os incentivos á contratación por conta allea como as medidas de apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, ou os programas de integración laboral das persoas con discapacidade. Doutra, os programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións e os programas mixtos de formación e emprego.

- **Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral**

Ao longo do exercicio 2005, o número de traballadores beneficiarios deste tipo de actuacións foi de 19.128 persoas, ascendendo o número de empresas beneficiarias destas axudas a 15.239. O **cadro 2.2.7.** reflicte que un total de 7.044 empresas e 10.379 traballadores beneficiáronse das actuacións destinadas a favorecer a creación de emprego estable e de calidade e a promover a inserción laboral dos desempregados con maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo.

Actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral 2005

	nº empresas	nº traballadores
Contratación indefinida discapacitados	365	417
Fomento da contratación indefinida	4.485	7.005
Fomento dos contratos en prácticas	1.564	2.226
Conciliación da vida laboral e familiar	243	261
Contratación de traballadores en risco de exclusión social	387	470
Total	7.044	10.379
Iniciativas de emprego: ILES / IER / IEBT's (1)	279	348
Aboamento de cotas á Seguridade Social	224	158
Axudas a cooperativas e sociedades laborais	317	545
Adquisición da condición de socio traballador	293	293
Promoción do emprego autónomo	6.790	5.869
Creación ou ampliación de centros especiais de emprego	25	94
Mantemento de centros especiais de emprego	100	1.353
Emprego autónomo de traballadores con discapacidade	167	89
Total	8.195	8.749

(1) ILE, Iniciativas locais de emprego; IER, Iniciativas de emprego rural; IEBT, Iniciativas de emprego de base tecnolóxica
Fonte: Consellería de Traballo

2.2.7.

Das devanditas 7.044 empresas beneficiarias, a meirande parte das mesmas, 4.485 empresas, o son polos programas de fomento á contratación indefinida. Xunto a estas accións cómpre salientar os programas de fomento de contratos en prácticas, que afectaron a 2.226 traballadores. Asemade, un total de 470 persoas e 387 empresas beneficiáronse das medidas destinadas a traballadores en risco de exclusión social, e 417 persoas e 365 empresas das accións para a contratación indefinida de discapacitados.

Canto ás medidas de apoio a emprendedores, autoemprego e economía social, o número total de persoas e empresas beneficiarias foi de 8.749 e 8.195, respectivamente. Dos distintos procedementos recollidos no devandito **cadro 2.2.7.**, ao longo do último exercicio salientan as destinadas á promoción de emprego autónomo, que afectan a 5.869 traballadores e 6.790 empresas. Séguelle en importancia, canto ao número de persoas beneficiarias, as actuacións dirixidas ao mantemento de centros especiais de emprego, con 1.353 traballadores beneficiarios.

• **Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego**

A análise destes programas fai referencia a tres grandes programas: o de cooperación con entidades locais; os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; e as escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. Asemade, hai que salientar que no ano 2005, un total de 45 mulleres beneficiáronse das medidas incluídas no programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica, posto en marcha en 2003.

En relación aos **programas de cooperación con entidades locais**, o **cadro 2.2.8.** indica que no exercicio 2005, a pesar da medra do número de entidades beneficiarias destas medidas (7,9% en relación ao ano anterior), descendeu un 22,7% o de traballadores. Neste ano, beneficiándose destes programas 4.474 traballadores e 683 entidades.

No eido destes programas de cooperación, destacan as axudas á “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral”, con 343 entidades e 4.055 traballadores desempregados, un 23,7% menos que no exercicio anterior.

No caso das contratacións de técnicos locais de emprego, o número de técnicos ascendeu a 279 (5 máis que en 2004), con 237 entidades locais beneficiarias, 3 menos que no exercicio anterior.

Programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións 2004-05

	2004		2005	
	Entidades	Traballadores	Entidades	Traballadores
Programas de cooperación con entidades locais	633	5.790	683	4.474
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	342	5.316	343	4.055
Axudas para a contratación de Técnicos Locais de emprego	240	274	237	279
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos	51	200	34	140
Estudos e campañas de desenvolvemento local			69	
Programas de Cooperación con outras administracións (1)	401	1.257	423	1.237
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	335	1.077	335	1.013
Axudas para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio	66	180	88	224

(1) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.8.
Escolas-obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 2005

	número	alumnos
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego		
En funcionamento a 01-01-05	57	2.160
Rematadas a 31-12-05	50	2.033
Iniciadas en 2005	50	1.793
En vigor a 31-12-05	56	1.920
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego do Camiño de Santiago		
En funcionamento a 01-01-05	6	143
Rematadas a 31-12-05	5	116
Iniciadas en 2005	6	152
En vigor a 31-12-05	7	179
Unidades de promoción e desenvolvemento		
En funcionamento a 01-01-05	4	37
Rematadas a 31-12-05	-	-
Iniciadas en 2005	-	-
En vigor a 31-12-05	4	37

Fonte: Consellería de Traballo

2.2.9.

Canto ás axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos, o número de traballadores que se beneficiou destes programas acadou os 140, e o número de entidades beneficiarias foi de 34. Asemade, no último exercicio, 69 entidades beneficiáronse das axudas para estudos e campañas de desenvolvemento local.

No que atinxe aos **programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro**, ao longo do ano 2005 o número de entidades beneficiadas ascendeu a 423 (22 máis que no ano anterior) participando un total de 1.237 traballadores (20 menos que en 2004). Ao igual que no caso dos programas de cooperación con entidades locais, as actuacións máis importantes corresponden ás relativas á “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral”, 335 entidades e 1.013 traballadores.

No concernente ás **escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento**, a comezos do exercicio de 2005, estaban en funcionamento un total de 57 escolas obradoiro e obradoiros de emprego, ascendendo o seu número de alumnos a 2.160. Neste último ano puxéronse en marcha 50 escolas obradoiro e obradoiros de emprego, nas que participaron un total de 1.793 alumnos. A 31 de decembro estaban en funcionamento 56 proxectos, que dan cabida a 1.920 participantes.

No concernente ás unidades de promoción e desenvolvemento, a finais de 2005 seguían en funcionamento as catro unidades que o estaban ao comezar o ano. Coma reflicte o **cadro 2.2.9.**, ao longo do último exercicio non se iniciou ningunha unidade de promoción e desenvolvemento.

Asemade, a 31 de decembro de 2005 estaban en vigor sete escolas obradoiro e obradoiros de emprego do Camiño de Santiago, cun total de 179 participantes. Ao longo do último ano, iniciáronse un total de seis escolas obradoiro e obradoiros de emprego, con 152 alumnos. ■